

Att. Autoridade Portuaria Vigo
Praza da Estrela, 1, 36201, Vigo

Venres, 25 de xuño de 2021

Excelentísimo señor Presidente:


Escríbolle en relación ao acontecido co Sanco Sea, o buque a cargo da oenegué Open Arms que chegou á ría de Vigo o venres 18 de xuño para atracar en Estaleiros San Enrique e abordar labores de reparación. A pesar de que os seus traballadores adecuaron as instalacións para que así fora, a Autoridade Portuaria negou a súa entrada e ordenou o seu desvío cara Bouzas.

O Sanco Sea, que urxía unha reforma para continuar co seu labor no Mediterráneo, contaba co beneplácito da Capitanía Marítima de Vigo para executala na antiga Vulcano. Por esta razón e pola innegable transcendencia das misións desta oenegué, sorpréndeme considerablemente a decisión tomada por parte do Porto de Vigo.

A situación precedente de Open Arms, como ben coñece, era complicada, pois o seu buque está bloqueado en Sicilia e requiría de maneira inmediata tarefas de mantemento nesta embarcación para poder navegar. Este episodio dificultará á organización poñer rumbo canto antes cara ao Mediterráneo, onde salva cada ano a vida de miles de persoas que tentan chegar a Europa fuxindo dos conflitos bélicos e a pobreza.

Así mesmo, cabe sinalar que este proxecto sería recibido de maneira moi positiva para os estaleiros e unha boa oportunidade para fomentar a construción naval no porto, en horas baixas desde a partida do Fénix Vigo. Quero mostrarlle a miña absoluta preocupación sobre estes feitos sobrevindos, unha decisión que espero que reconsidere para favorecer os indispensables cometidos do Open Arms e para impulsar a actividade naval e o emprego na antiga Vulcano.

Atentamente,



Antón Gómez Reino Varela
Deputado
Congreso dos Deputados
Plaza das Cortes, nº1
28014 Madrid